

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, compoñente do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión VI**, relativa á realización dunha auditoría independente sobre o denominado Plan Ferrol.

A situación de emerxencia industrial que segue a padecer Ferrolterra non se remediou, ao longo de xa decenios, coas diversas medidas eufemisticamente denominadas de reindustrialización.

A taxa de desemprego, a regresión demográfica, a atonía económica, a subocupación da industria naval, ou a falla de diversificación do tecido industrial distan lonxe de ser arranxadas.

Nos últimos anos o instrumento que se quería impulsar polas administracións públicas era o denominado Plan Ferrol, que xa nestes últimos anos amosou, convocatoria a convocatoria a súa inanidade para reactivar a economía industrial da zona.

Cómpre para sermos xenuinamente austeros auditar de xeito rigoroso e independente as actuacións desenvolvidas ao abeiro do devandito plan, o seu impacto económico para as arcas públicas e os seus froitos en termos de creación de emprego e desenvolvemento de actividades industriais novas e consolidadas.



Polo tanto, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Vai realizar o goberno galego unha auditoría independente que fiscalice o emprego dos cartos públicos entregados ao longo da vixencia do Plan Ferrol nos anos comprendidos entre 2007-2014 co seu retorno en termos de nova creación de emprego e desenvolvemento e consolidación de novas actividades industriais?

En Compostela, a 12 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/03/2015 13:45:18